

CONTROL DE PROBLEMAS- 6º DE PRIMARIA

1. Leire e Alex foron ao supermercado a comprar 5 paquetes de comida para os seus cans. Cada paquete pesaba 12 kg de comida. Por todo pagou 65 euros

DATOS:

a. Pregunta 1: Canto lle valeu cada paquete de comida?

b. Pregunta 2: Cantos Kg de comida trouxeron en total?

SOLUCIÓN A:

SOLUCIÓN B:

2. Ao chegar a súa casa, o seu compañeiro de piso, Xavi, dixo que todos os cans consumían 2,5 kg de comida ao día.

DATOS:

a. Pregunta 1: ¿Para cantos días lle daba a comida que trouxeron?

b. Pregunta 2: Dáballes para un mes completo? Xustifica a resposta

SOLUCIÓN A:

SOLUCIÓN B:

3. A tarde do Venres o seu amigo Anxo estará de aniversario e pensan facerlle unha festa sorpresa con este motivo. Así que Javi e Ianira, serán os encargados de facer a compra de todo o que se precisa. Entre todxs xuntan 147,34 euros e toda a compra lle custa 12800 céntimos.

DATOS:

a. Pregunta 1: Chegáronlle os cartos? Canto lle falta ou lle sobra?

b. Pregunta 2: Se gastaron un cuarto en bebida, dous cuartos en comida e o resto no agasallo. Cantos cartos gastaron en cada unha das cousas?

SOLUCIÓN A:

SOLUCIÓN B:

- En bebida:
- En comida:
- No agasallo:

4. Zaida pensou que a festa podería ser de disfraces. Posto que non tiñan cartos para compralos, fixo unha recolecta polo colexio e xuntou os seguintes cartos:

1º	12,26
2º	13,45
3º	Dous mil céntimos
4º	12,56

5º	7,7
6º	32,89

a. Pregunta 1: Cantos cartos xuntou?

b. Pregunta 2: se os disfraces lle custaron 59,63 euros. Canto cartos lle sobraron

SOLUCIÓN A:

SOLUCIÓN B:

5. Iván, Xoel e Brais foron os encargados de poñer a música e facer a comida na festa. Mais non contaron que tamén habería que gastar en luz e gas. A factura destes dous conceptos foi de 26,56 euros.

DATOS:

a. Tendo en conta que posiblemente lle sobrou diñeiro dos anteriores gastos. Este chegaría para pagar esta nova factura imprevista? Demóstrao

SOLUCIÓN: